

ACTA DO SORTEO CELEBRADO NO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, PARA DIRIMIR O EMPATE ENTRE VARIOS ASPIRANTES DA LISTA DE RESERVA DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA O MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMBADOS.

Lugar de celebración: Sala C – 4 º andar do edificio administrativo da Xunta de Galicia. Torre 1. Rúa Concepción Arenal, 8. 36201 Vigo.

Data: Xoves, 15 de xaneiro de 2026

Hora: 9:00h. en única convocatoria.

Asistentes:

Representando á Consellería do Mar:

- Azucena Cabada Sieiro (xefa da Sección de Marisqueo, que actúa como presidenta do sorteo)
- Enrique Bao Costas (xefe de Negociado, que actúa como secretario do sorteo)

Asistiu ao acto a seguinte persoa, dun total de 3 persoas, convocadas mediante Comunicación do 8 de xaneiro de 2026 do Departamento Territorial de Vigo:

- Costa Rebollido, Patricia ***8633**

De acordo coa Comunicación do 8 de xaneiro de 2026 do Departamento Territorial de Vigo, convocouse a 3 persoas aspirantes empatadas coa puntuación (8,50 puntos), para levar a cabo un sorteo que dirima o empate producido na lista de reserva, en concordancia co disposto no punto 4 do Anexo I da Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para a valoración das solicitudes para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé, na data, hora e lugar sinalados enriba, en única convocatoria. O sorteo celebrouse en presenza das persoas indicadas en representación da Consellería do Mar e das persoas aspirantes citadas.

Desenvolvemento do sorteo:

En primeiro lugar, asígnouse a cada aspirante un número de bóla seguindo a orde alfabética. Posteriormente, as bólas introducíronse nun saco e procedeuse a sacalas aleatoriamente do seu interior. Fóronse colocando por orde da saída sobre unha táboa de bingo e á vez foise anotando o correspondente nome e apelidos no borrador da acta, xunto co nome e apelidos correspondente.

Este procedemento foi explicado previamente á persoa asistente.

A orde de extracción das bólas na celebración deste sorteo foi a seguinte (3 persoas

Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal



empatadas con 8,50 puntos):

Nº orde	Nº de bóla	Apelidos e Nome	NIF
1º	1	Costa Rebollido, Patricia	***8633**
2º	3	González Piñeiro, Nerea	***3087**
3º	2	González Leiro, Francisco Javier	***5802**

Vigo, a 15 de xaneiro de 2026

O/A Secretario/a

Enrique Bao Costas

Visto e prace,

O/A Presidente/a

Azucena Cabada Sieiro

Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

